

Paseo Literario ...

PARADA 4: FUNDACIÓN PENZOL

A Praza da Princesa está franqueada por algúns dos mellores edificios da cidade, entre eles a Casa Galega da Cultura, que alberga a Fundación Penzol. Foi creada en Vigo por Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro e outros galeguistas, no ano 1963. Fermín Fernández Penzol-Lavandera, bibliófilo empedernido, legou todos os fondos da súa biblioteca, formada por folletos, libros, documentos, periódicos e revistas, cartas e material manuscrito referente á lingua e á historia de Galicia, á Editorial Galaxia, que se comprometeu a manter este legado. Actualmente, e grazas a un convenio asinado co Concello de Vigo, a Fundación Penzol está situada neste lugar.



Carlos Casares foi padroeiro desta Fundación dende o 26 de xuño de 1982 ata o seu falecemento en marzo de 2002.

EDUCADOS

O querido e recordado Fermín Penzol, ademais de crear co seu patrimonio a mellor biblioteca galega, doada xenerosamente á Editorial Galaxia cando el tiña pouco máis de cincuenta anos de idade, pagaba na súa vila un equipo de remeiros como eses de Oxford que agora armaron un escándalo en Amposta. Segundo nos contou un día un dos remeiros, o custo maior daquel equipo íase en bistés, pois os mozos debían estar moi ben alimentados, sobre todo en época de competición, pero polo que respecta á bebida había unha norma moi clara: escasa, boa e aos pouquiños. Puro sentidiño, que é como se chama o sentido común.

Á marxe, 15 de xaneiro de 2000.

Carlos Casares